

Enquisa conxuntural a fogares. Primeiro trimestre de 2010

NOTA DE PRENSA

No primeiro trimestre de 2010 a confianza do consumidor aumenta 3,2 puntos con respecto ao trimestre anterior

O "Índice de confianza do consumidor" é unha operación estatística que realiza o IGE desde o ano 2003 co obxecto de obter información sobre as expectativas económicas dos consumidores galegos.

No ano 2009 decidiuse ampliar este obxectivo, para incluír o estudo de novas variables que permitisen coñecer as medidas ou movementos efectuados no curto prazo nos fogares galegos derivados da súa situación económica propia. Durante o dito ano fíxose o estudo da nova metodoloxía e no ano 2010 pasa a coñecerse co nome de "Enquisa conxuntural a fogares".

Durante o cuarto trimestre de 2009 realizouse a primeira recollida dos datos da "Enquisa conxuntural a fogares" coa nova metodoloxía, para poder obter series enlazadas cos datos anteriormente publicados no "Índice de confianza do consumidor". Os datos que se utilizan no comunicado para o cálculo das variacións son das series enlazadas.

Indicadores de confianza

No primeiro trimestre de 2010 o indicador de confianza do consumidor (ICC¹) reflicte un valor de -25,2 puntos, 3,2 puntos máis que no trimestre anterior. Este aumento prodúcese polo incremento dos indicadores parciais das perspectivas de evolución do desemprego (7,7 puntos), da situación económica de Galicia (6,1 puntos) e da situación financeira persoal (1,6 puntos). Pola súa banda, o indicador parcial da capacidade futura de aforro diminúe 2,8 puntos.

Indicador de confianza do consumidor (ICC) e as súas compoñentes. Galicia


Ano	Trimestre	ICC	Indicadores parciais de perspectivas de evolución			
			Situación financeira persoal	Situación económica en Galicia	Capacidade de aforro	Desemprego
2010	I	-25,2	-8,5	-23,0	-31,7	-37,5

Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares

¹ O ICC varía de -100 a 100, sendo o valor 0 o punto neutral; valores positivos do indicador amosan optimismo e valores negativos indican pesimismo por parte dos consumidores galegos

O indicador de confianza do consumidor varía en función do intervalo de ingresos do fogar. Os fogares con menores ingresos medios mensuais son os que presentan valores máis baixos no ICC mentres que a confianza aumenta ao incrementarse os ingresos do fogar.

Indicador de confianza do consumidor (ICC) segundo o intervalo de ingresos medios mensuais do fogar. Galicia. Primeiro trimestre de 2010




Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares

Situación económica dos fogares nos últimos tres meses

No primeiro trimestre de 2010 o 41,5% dos fogares galegos chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, o 45,3% con dificultade e o 13,3% restante con moita dificultade.

Fogares segundo o grao de dificultade para chegar a fin de mes. Galicia

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares

Medidas económicas tomadas polos fogares nos últimos tres meses

O 39,8% dos fogares galegos non se permitiu ningún extra nos tres últimos meses. Considérase como extra os gastos destinados a vacacións ou viaxes, facer fronte a imprevistos ou grandes

compras, extras de alimentación, roupa ou calzado, contratar novos servizos para o fogar, saír a cear, ir ao cine... Tamén se inclúe poder aforrar e traballar menos horas ou deixar de traballar algún membro do fogar.

O 43,5% dos fogares galegos cambiaron os seus hábitos de compra mercando marcas brancas e produtos en oferta, sendo a medida económica máis habitual tomada polos fogares para reducir os gastos, aumentar os ingresos ou afrontar pagos. Ademais, o 25,6% diminuíu outros gastos comúns, como roupa, calzado e transporte.

Fogares que tomaron as seguintes medidas para reducir gastos, aumentar ingresos ou afrontar pagos nos últimos tres meses. Galicia

Porcentaxes

	2010/IT
Cambiar os seus hábitos de compra mercando marcas brancas, produtos en oferta...	43,5
Diminuír outros gastos comúns, como roupa e calzado, transporte..., agás alimentación	25,6
Algún dos membros do fogar tivo que poñerse a traballar ou aumentar a xornada de traballo	7,0
Recibir axuda económica de familiares ou amizades	6,0
Tomar medidas financeiras	4,8

Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares

Nota: Considéranse medidas financeiras renegociar as condicións dos créditos ou hipotecas, solicitar préstamos para gastos correntes, aprazar pagos...

Medidas económicas que esperan realizar os fogares nos próximos tres meses

O 42,4% dos fogares galegos ten pensado saír a cear, a cafeterías, ir ao cine ou ao teatro nos próximos tres meses, o 28,7% pensa aforrar algo de cartos e o 14,1% pagarse unhas vacacións, viaxes ou estadias de lecer.

Fogares que teñen pensado permitirse os seguintes extras nos próximos tres meses. Galicia

Porcentaxes

	2010/IT
Pagarse unhas vacacións, viaxes ou estadias de lecer	14,1
Saír a cear, a cafeterías, ir ao cine, ao teatro	42,4
Facer fronte a imprevistos ou grandes compras	9,8
Aforrar algo de cartos	28,7
Facer algún extra en produtos de alimentación	10,1
Algúnha compra extraordinaria en roupa ou calzado	7,9

Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares

Compra de vivenda e coche nos fogares

O 22,3% dos fogares galegos están pagando a vivenda principal que compraron, o 12,7% o coche e o 5,3% unha segunda vivenda.



Fogares que teñen comprado e están pagando algún dos seguintes bens. Galicia

Porcentaxes

	2010/IT
Vivenda principal	22,3
Segunda vivenda	5,3
Coche	12,7

Fonte: IGE. Enquisa conxuntural a fogares

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ECF_2010_gl.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>